

As Nogais, 23 de xuño de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1821

Anuncio

Mediante resolución de Alcaldía nº 2025-0180, do 23 de xuño de 2025, ampliouse en 3 días hábiles adicionais o prazo previsto polo artigo 5 das bases de selección e contratación de persoal laboral temporal e formación de bolsas de emprego para tres postos de condutor de vehículo motobomba, ao abeiro do convenio de colaboración suscrito coa Consellería de Medio Rural e o Concello de As Nogais para a prevención e defensa contra os incendios forestais, coas seguintes características:

Duración do Contrato: tres meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos tres días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do Concello en horario de 8.30 a 14.30 horas, de luns a venres e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na sede electrónica do Concello (<https://concelloasnogais.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de edictos do Concello de As Nogais.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

As Nogais, 23 de xuño de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1822

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (2 PEÓNS) AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS – PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024

POSTO DE TRABALLO: 2 PEÓNS

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 20 de xuño de 2025.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1823

VIVEIRO

Anuncio

DECRETO DA ALCALDÍA, SOBRE A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE UN PSICÓLOGO/A COMO FUNCIONARIO INTERINO, PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO DEPARTAMENTO DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DO CONCELLO DE VIVEIRO.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas para a selección de UN/UNHA PSICÓLOGO/PSICÓLOGA, funcionario interino para o departamento do Centro de Información á muller, con número de expediente 4796/2025.

Son obxecto da presente convocatoria a selección de persoal temporal mediante a modalidade de funcionario interino, encádrado no suposto previsto no artigo 23.2 c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, ao amparo da RESOLUCIÓN de 21 de maio de 2025 da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, pola que se publica a Resolución do 20 de maio de 2025 que pon fin ao procedemento de concesión das subvencións convocadas mediante a Orde do 3 de xaneiro de 2025, pola que se establecen as bases